

DESCARTES. *COGITO* E SUBSTANCIA PENSANTE

O *cogito*.

Unha vez que temos asegurada unha certeza incuestionábel (o “*cogito, ergo sum*”, “penso, logo existo”) captada pola nosa razón a través da **intuición**, cómpre deducir a partir desta primeira evidencia, por medio da **deducción** outras verdades máis complexas. Para estas demostracións que levará a cabo, Descartes conta con un inventario composto por dous elementos: o **pensamento** e as súas **ideas**. Polo tanto, Descartes terá que replegarse sobre si mesmo para dende o propio pensamento (que ten por seguro), intentar abrirse a outras realidades. Vexamos como procede na demostración da existencia da substancia pensante a partir das ideas do seu pensamento.

A substancia pensante.

A primeira realidade de cuxa existencia non cabe dubidar é a do propio pensamento. De momento, é o único que se admite: o pensamento existe por se mesmo, con independencia da existencia de calquera outra posíbel realidade (non confirmada de momento, por exemplo o corpo). Eu existo como unha cousa que dubida, é decir, que pensa. Pode que non existan as cousas que percibo ou que penso, pero é imposíbel que non exista eu que as percibo e as penso. Pero, ¿que son eu? O único que podo afirmar con certeza é que dubido, afirmo, nego, imaxino, sinto, quero, desexo, etc. Teño que concebirme, en fin, como **un suxeto pensante** (nin siquiera podo asegurar que eu teña un corpo, xa que o corpo non pensa). Son, en definitiva, **puro pensamento**, unha **alma** (que é unha realidade totalmente distinta do corpo; consideración filosófica que denominamos **dualismo antropolóxico** ou dualismo cartesiano). O suxeito pensante é, pois, unha realidade, unha substancia, a substancia pensante: a **res cogitans**, unha **cousa pensante**.